



Expediente IET: P-21-825
Proxecto: Parque eólico Pico Seco e a súa infraestrutura de evacuación
Concello: Lalín (Pontevedra) e O Irixo (Ourense)
Promotor: Aerogeneración Galicia SL

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 01/12/2021 o Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) a documentación do proxecto de parque eólico Pico Seco e a súa infraestrutura de evacuación.

1. Antecedentes:

Con datas do 06/06/2011 e 08/10/2012 a Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe e o Instituto de Estudos do Territorio, respectivamente, emitiron informes sobre o proxecto do parque eólico Pico Seco, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria. Con data do 14/08/2013 a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental formulou a Declaración de Impacto Ambiental (DIA) favorable sobre este proxecto.

A presente solicitude é consecuencia do inicio dun novo procedemento de avaliación ambiental do proxecto, provocado pola caducidade da DIA formulada.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020, do 29 de maio).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.

3. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

O proxecto consiste na instalación do parque eólico Pico Seco, de 27 MW, composto por 7 aerogeneradores e a súa infraestrutura asociada (acondicionamento e nova construción de camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, centro de seccionamento e medida, torre meteorolóxica e gabias para a rede eléctrica), así como da liña de evacuación soterrada, dende o centro de seccionamento e medida do propio parque eólico Pico Seco ata



a subestación do parque eólico Valdepereira. Os aerogeradores terán entre 3,8 e 4 MW de potencia, cunha altura da buxa de 105 metros e cun diámetro de rotor de 150 metros. A liña de evacuación soterrada terá unha lonxitude de 1.599,34 m. En relación cos camiños necesarios para a infraestrutura serán de nova construción 1.920,99 m dun total de 6.029,13m.

O estudo de impacto ambiental inclúe un EIIP como documento específico (Anexo II). Trátase dun EIIP conxunto de dous parques eólicos contiguos, pertencentes ao mesmo promotor e que se están a tramitar ao mesmo tempo (Pico Seco e Valdepereira). O EIIP fai unha descrición das características dos dous parques, unha caracterización da paisaxe e unha análise da intervisibilidade, valorando por último o impacto sobre a paisaxe ao tempo que da unhas medidas de integración paisaxística.

4. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o proxecto localízase na grande área paisaxística Galicia Central, nas comarcas paisaxísticas de O Carballiño e O Deza. Nas proximidades da infraestrutura atópanse dúas áreas de especial interese paisaxístico, a AEIP-07-29 Serra do Candán e Montes do Testeiro a uns 2,1 km ao oeste e a 6,4 km ao norte a AEIP-07-31 Pozo Negro. No relacionado cos miradoiros cabe destacar os situados dentro da Serra do Candán e Montes do Testeiro como son o miradoiro As Ameixeiras a 5,7 km, o miradoiro O Castelón a 6 km e o miradoiro do Monte Coco a 9 km; máis afastado e ao leste aparece o miradoiro Pena de Francia a 10 km. Ao nordés dos aerogeradores, discorrendo de leste a norte a Vía da Prata do Camiño de Santiago.

O proxecto sitúase entre a cima de Val de Pereira e a cima dos Agüeiros. Trátanse de cumios con altitudes entre os 824 e os 698 m sobre o nivel do mar orientados de leste a oeste e con pequenos contrafortes entre os que discorren numerosos regos. Das faldas destes montes parten os ríos de Viñao ao sur, de Lebozán ao norte e o río Viñas ao oeste. As principais coberturas do solo son a de matogueira e rochedo mesturadas con numerosas plantacións forestais. Nos vales xorden numerosos núcleos de poboación rodeados por mosaicos agrarios. Os núcleos máis próximos son o de Trabazón a 700 m ao oeste e Sidre na mesma dirección a 1 km, o de Samprizón a 750 m ao norte e Bustelo e A Ermida a 1,4 km nesa dirección. Os principais núcleos son o Irixo a 3,8 km ao sur e Dozón a 5,6 km ao leste. No relacionado coas vías de comunicación, atravesando a infraestrutura de norte a sur atópase a estrada autonómica PO-902 e OU-902 a escasos 250 m dunha das máquinas, ao oeste discorre a estrada provincial CV-81 e CV-663 a 1 km do aerogenerador máis próximo; e ao leste, a uns 3 km discorre a liña de ferrocarril entre Ourense e Santiago de Compostela.

No relacionado cos ámbitos de visibilidade dende zonas de gran potencial de vistas, a maioría dos aerogeradores sitúanse en zonas de visibilidade alta ou ben ao carón das mesmas; neste último caso, dado o elevado porte das máquinas, agárdase tamén unha elevada visibilidade.

5. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP fai unha descrición das características dos dous proxectos. Leva a cabo unha diagnose do estado actual da paisaxe en base ao Catálogo das paisaxes e en relación a un ámbito de 15 km ao redor do conxunto dos dous parques eólicos. Realiza un estudo da visibilidade das tres alternativas de cada parque eólico nun radio de 5, 10 e 15 km, determinando o impacto visual nalgúns dos elementos de valor da paisaxe presentes en cada ámbito (próximo, intermedio e afastado). Por último define unha serie de medidas correctoras baseadas na revexetación.

Segundo a dita análise de visibilidade, a infraestrutura será visible dende o 46 % da superficie da envolvente de 5 km, se ben, nun ámbito de 15 km, esta porcentaxe redúcese ao 17 %. O maior impacto sobre as AEIP producirase na AEIP Serra do Candán e Montes do Testeiro na que será visible en boa parte da súa superficie cuxa pendente se orienta ao leste. O treito do Camiño de Santiago que discorre no ámbito de 15 km de radio verase afectado





pola incidencia visual da infraestrutura nun total de 6 km. O miradoiro máis afectado será o das Ameixeiras, se ben tamén serán visibles parcialmente dende o miradoiro de O Castelón, ao igual que dende numerosos núcleos rurais próximos, así como dende outros de maior entidade como Dozón ou o Irixo. O proxecto provocará polo tanto unha intrusión visual vinculada á presenza das infraestruturas do parque, principalmente os aeroxeradores, en zonas elevadas, o que lle confire unha alta visibilidade debido a súa posición dominante no relevo. Ademais provocará unha perda da calidade estética e visual destes cumios, ao introducírense elementos alleos á paisaxe natural visibles dende a contorna e sobre todo dende a AEIP Serra do Candan e Montes do Testeiro, o Camiño de Santiago, os miradoiros e os núcleos de poboación. Estes impactos veranse incrementados pola sinerxía producida por outros parques en tramitación ou en funcionamento situados nas proximidades, segundo o Rexistro eólico de Galicia, así como as liñas de evacuación aéreas, o que provocará que no 81% da superficie da envolvente de 15 km sexa visible algunha infraestrutura eólica.

Outros impactos producidos, ademais dos visuais, derivan da realización de novos camiños e plataformas de montaxe sobre a elementos caracterizadores da paisaxe como é o caso do entorno das posicións 1 e 5 onde se aprecian afloramentos rochosos.

6. Conclusión:

Os principais impactos deste proxecto sobre a paisaxe producíranse debido á intrusión visual sobre os elementos de valor da paisaxe e os principais puntos de observación, así como a incidencia acumulada pola sinerxía con outros parques eólicos en explotación, autorizados, ou que se están a tramitar nas proximidades. Ademais pode supor un deterioro dos elementos naturais nalgúns zonas de implantación da infraestrutura.

O proxecto incorpora un EIIP, cuxo contido non se axusta completamente ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008. Deberase completar segundo as seguintes indicacións:

- No relacionado coa diagnose do estado actual da paisaxe, e de acordo co apartado 2 do artigo 28 do Regulamento, deberase levar a cabo unha análise pormenorizada dos elementos que nel se describen, apoiándose nos contidos do Catálogo das paisaxes, e en particular dos elementos naturais ou construídos que outorgan carácter a paisaxe, como son neste caso os afloramentos rochosos no ámbito do parque eólico. Deberase completar tamén o estudo de visibilidade para determinar o impacto producido pola infraestrutura sobre os mencionados núcleos de poboación, os miradoiros e a AEIP máis afectada, así como dende o Camiño de Santiago e principais vías de comunicación, valéndose ademais de montaxes fotográficas ou imaxes virtuais que simulen a inserción dos aeroxeradores na paisaxe. (artigos 28.2.d e 31.1.d do Regulamento)
- Respecto ao disposto no artigo 29 do Regulamento deberase analizar o impacto producido pola infraestrutura non so nun ámbito de 15 km de radio si non tamén na propia superficie ocupada e modificada pola mesma. En concreto analizarase o impacto producido na cobertura do solo de rochedo nas posicións 1 e 5.
- De acordo co disposto no artigo 11.2d da Lei 7/2008 e no artigo 27.d do Regulamento da Lei 7/2008, debe xustificarse como se incorporaron ao proxecto os obxectivos de calidade paisaxística e as determinacións das directrices de paisaxe. Para o cumprimento deste apartado non bastará coa simple transcripción dos obxectivos e directrices.



- No relacionado coa determinación de medidas preventivas e correctoras do impacto do proxecto sobre as AEIP, o Camiño de Santiago, núcleos de poboación e demais elementos caracterizadores da paisaxe, deberase ter en conta a análise da visibilidade dende os mesmos levado a cabo no propio EIIP segundo se establece no artigo 30.1 do Regulamento. En base a esta análise deberanse establecer as medidas preventivas pertinentes, a fin de minimizar a intrusión visual nas zonas de maior valor paisaxístico como son as AEIP. Considéranse medidas preventivas aquelas que, durante o proceso de deseño dun proxecto, evitan ou minimizan o seu impacto (artigo 30.2 do Regulamento). Polo tanto deberanse completar as mesmas segundo o establecido no artigo 30 do Regulamento e nas normas e recomendacións das Directrices de paisaxe que resulten de aplicación, entre as que cabe salientar, neste caso, as seguintes:
 - Deberase estudar a localización das posicións 1 e 5 e os seus camiños de servizo, a fin de evitar ou minimizar a afección aos afloramentos rochosos (DX.17.a).4).
 - Para o centro de seccionamento e medida, debido ao tipo de edificación que constitúen, é dicir, instalacións de infraestrutura eléctrica e en relación á directriz de paisaxe DX.17.c.4, considérase máis axeitado empregar técnicas e materiais propios deste tipo de instalacións e que busquen a maior integración cromática e textural posible. Polo tanto, os materiais empregados deberán presentar acabamentos que transmitan unha imaxe de calidade, evitándose as imitacións da arquitectura tradicional. Así mesmo, de ser necesario, disporase unha pantalla vexetal no perímetro da instalación realizada con especies autóctonas de acordo coas directrices de paisaxe DX.17.b e DX.20.o.
 - De acordo coa directriz de paisaxe DX.20.c, e dada a presenza de núcleos rurais próximos ao proxecto, no caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o seu impacto visual. Nestes casos estudarase a posibilidade de realizar plantacións arbóreas nas proximidades dos núcleos, consensuadas cos seus habitantes.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do Regulamento da Lei 7/2008, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto, como pode ser a de creación de barreiras vexetais.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

